



NOTA INFORMATIVA

Vistos os seguintes ANTECEDENTES:

1. A convocatoria pública de cinco prazas nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas anunciada a través da Orde da Consellería de Cultura e Turismo do Orde do 8 de maio de 2019 .
2. As solicitudes presentadas ao abeiro da antedita convocatoria e a orde de preferencia de destinos manifestada por cada candidato na súa respectiva solicitude.
3. O exame das solicitudes e da documentación complementaria achegada con aquelas, así como as actuacións de trámite realizadas en consonancia con este exame.
4. A valoración de méritos realizada pola comisión de valoración constituída segundo o establecido no artigo 12 da dita Orde do 8 de maio de 2019.
5. A relación definitiva de admitidos e excluídos e a acta das reunións mantidas pola antedita comisión de valoración, á que se xuntan as táboas de valoración de méritos de cada destino convocado, nas que se inclúe o detalle da puntuación obtida por cada candidato en cada un dos apartados baremados.
6. A proposta de resolución provisional formulada polos representantes da respectivas universidades e exposta a información pública por un prazo de dez días (do 22 de xullo ao 6 de agosto, ambos incluídos).
7. O transcurso do prazo de exposición pública; así como a recepción, exame e desestimación das alegacións presentadas durante o dito prazo.
8. O escrito de rexeitamento por parte da persoa que resultou adxudicataria de maneira provisional da praza da Universidade de Kiel, Elías González López, feito polo que a dita praza queda declarada deserta.

Esta Secretaría Xeral, no seu papel de colaboradora na xestión administrativa do proceso de selección de lectores, convocado mediante a *Orde do 8 de maio de 2019 pola que se publican as bases e se anuncia a convocatoria pública para cubrir cinco prazas nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas*, INFORMA:



- Que a RESOLUCIÓN PROVISIONAL formulada o 19 de xullo de 2019 polos representantes das universidades implicadas sofre alteracións no que respecta á praza convocada para a Universidade de Kiel, que finalmente queda declarada deserta, e con esta modificación adquire a condición de RESOLUCIÓN DEFINITIVA.

Destino	Apelidos e nome	NIF
Universidade de Bangor	-----	---
Universidade de Heidelberg	Regueiro Barreiro, Iván	33558411P
Universidade de Kiel	-----	---
Universidade de Leipzig	Mancebo Cancela, Pablo	79342389W
Universidade de Varsovia	Lamela Varela, Tamara	47379871D

- Que se lle dá traslado destas circunstancias a cada unha das universidades implicadas para que, conforme ao establecido nas bases da convocatoria, procedan á adxudicación definitiva das prazas convocadas mediante a correspondente formalización de contrato laboral ás persoas beneficiarias.

Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2019

A subdirectora xeral de Política Lingüística

Mª Lourdes Batán Aira